

O Tinteiro de Papyrus

O CEIP A PEDRA adéntrase na cultura

Papyrus

No mes de xuño, a entrada do centro transformouse nun pequeno espazo de cultura. O tema principal dos traballos foi o mar. Para isto os nenos e nenas coa axuda das súas familias investigaron diferentes aspectos do ámbito mariñeiro: embarcacións, artes de pesca, variedades de habitantes do fondo do mar, cantigas e lendas, ... Con todo este mate-

rial elaboráronse libros, murais e presentacións informáticas.

O espazo de cultura mariñeira comparte protagonismo con outros traballos realizados ao longo do curso entre os que se atopan libros de creación propia sobre distintos autores que nos visitaron: Anxo Fariña, Agustín Fernández Paz, Carles Cano.



Entrada do centro adornado cos traballos escolares

Aprendemos da nosa cultura

Un ano máis chegou o mes de maio e con el as Letras Galegas que este ano estaba adicado a Xosé María Álvarez Blázquez. Os nenos do colexio A Pedra puxéronse mans a obra para investigar sobre este autor nacido en Tui no 1915 e proba disto foron os múltiples traballos realizados polas distintas clases e a participación masiva no concurso anual "autores galegos".



Caricatura de X.M. Álvarez Blázquez, realizada por Borja Martínez Peña 1ºA

Recta final

Por fin chegou xuño, mes do calor, dos agobios finais, da praia, dos festivais, das despedidas e como non, das notas!!!! Pronto remataremos as clases pero aínda nos queda a derradeira semana, semana de espectáculos e variedades., aí vai o programall!

LUNS: 1º xornada teatral de 3º e 4º

MARTES: 2º xornada teatral e graduación de 6º.

XOVES: Festival de Infantil e graduación de 6º de Educación Infantil. Ás 12h festa de Bueu-informa.

VENRES: Festa de Primaria e despedida do curso 2007/2008

EDITORIAL

Papyrus despídese deste curso de tanto traballo ata o vindeiro.

Páxina : 2

TESOUROS DA PEDRA

A cultura mariñeira e as visitas de escritores importantes encheron o centro de vida: imaginación, ilusión...

Páxinas: 3-6

A NOSA LABOR

Todos os nenos e nenas do centro realizaron actividades formativas, educativas e divertidas ao longo deste trimestre.

Páxinas: 7-15

PAIS E NAIS

A necesidade dos límites na educación dos nenos e nenas e a importancia do tempo libre.

Páxina:16

SOCIEDADE

Despedida de nenos e nenas e de algúns mestres.

Páxina :17

PASATEMPOS

Páxina: 18-19

Pápirus despídese con moitas novas

Ola nenos e nenas, xa está aquí a nova edición do ... TINTEIRO DE PÁPIRUS !!!


Espero que este número vos guste tanto como o anterior, non se recorda neste cole semellante tirada, incluso lle fixemos competencia ao Faro de Vigo.

Para estar á altura do que esperades traballamos arreo e ben.

Os nosos e nosas corresponsais, espallados por tódolos cursos recolleron: as mellores novas, as recomendacións máis fashions, os

pasatempos máis entretidos, ademais de desvelar os segredos mellor gardados do noso cole e da nosa biblioteca.

Ademais de disfrutar das vacacións, non esquezades ler eses libros que tanto vos gustan. Eu estarei agradándovos no meu Bibliocastelo, con moitas novidades para o vindeiro curso.



Pápirus no seu Bibliocastelo

O traballo de todo o ano: "Nós facemos biblioteca"

Con todos os traballos feitos polo alumnado ao longo do curso, tanto os dos autores que nos visitaron como os que teñen relación co tema do mar e da cultura mariñeira, ou incluso outros feitos nas aulas ou na biblioteca, fixemos unha gran exposición na entrada do noso colexio co

lema "Nós facemos biblioteca" na que hai libros de todo tipo: de investigación, de creación literaria, de plástica, de inglés, ... e na que participamos toda a comunidade educativa. Esta exposición estará aberta a todo aquel que a queira visitar ata final de curso.



Exposición de traballos de creación propia.

Felicitación aos mellares lectores no 3º trimestre

Martín Pereira Chapela.
Cristopher Malvido Reiriz.
Paula Pastoriza Montero.
Pedro Ogando Martínez.
Anabel Otero Herbello.
Patricia Costas Cordeiro.
Aaron Barcia Otero.
Eros Sotelo Juncal.
Paula Calviño Juncal.
Diego Patiño Santos.
Alicia Reiriz López.
Ainoha García Pereira.
Inés Lorenzo Rial.
Aitor Verde García.
Xiana Rey Piedras.
Isaura Framil De Amorín.
Anselmo Ferreira Juncal.
Yarai Míguez Cerviño.
Uxío Juncal Peixoto.
Rquel Iglesias Vilas.
Lucía Otero Medraño.
Ben feito rapaces!!! Espérovos en setembro con moitas ganas de ler e pasalo ben. Prometovos moitas novidades!!!
Boas vacacións a todos!!!

Invitámosvos a compartir con nós o remate de curso.

O luns 16 de xuño no salón do IES Johan Carballeira ás 10:00 de mañá celebrárase a primeira xornada teatral onde actuarán os nenos de 3º e 4º. Os pais e nais destes alumnos que queirades acompañarnos poderdes acudir.

O martes 17 no mesmo lugar e á mesma hora celebrárase a graduación dos nenos de 6º e serán eles os encargados desta xornada teatral. Ao remate entregámoslle a cada un o seu diploma e unha orla do seu paso polo cole. Como non, os seus papás e mamás terán reservado un lugar preferente para saborear o momento.

Vai de cultura mariñeira

Pápirus



Neste curso aprendimos moitas cousas sobre o mar. Escollemos este tema porque Bueu é unha vila mariñeira e o mar é o medio de vida de moitas das nosas familias. Pápirus, a nosa mascota, tamén vive alí, por eso o lema da nosa biblioteca é "No fondo do mar hai moito que ler". Convertemos a entrada do noso bibliotecastelo nun fondo mariño.



Mural de educación infantil

Tendo en conta o tema do mar fixemos unha exposición permanente de libros relacionados con este tema para poder consultar información a hora de facer traballos ou ler historias e contos.



Libro barca

Tamén elaboramos libros propios con esa información recollida en forma de barco, en forma de peixe, en forma de nasa...



Libro nasa

Este ano contamos coa colaboración da Confraría de pescadores de Bueu que a través do programa Bueu Informa, subvencionado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ofertounos varias actividades:

Charlas sobre a importancia para a pesca da entrada de España na U.E., a importancia na alimentación do consumo de peixe, o ecosistema das rías, a pesca na illa de Ons. Sobre estes mesmos temas tamén houbo charlas para as familias. Visitamos a praza de abastos da vila para ver distintos tipos de peixe e a lonxa onde nos explicaron que se fai co peixe cando chega do mar e como se conserva ata que chega a praza.



Mural de infantil

Os nenos e nenas de 2º realizaron un obradoiro de nós mariñeiros, pais e nais dos nosos alumnos ofrecéronse a ensinarlles a facer este tipo de traballo. Como resultado levaron para casa un pequeno cadro con 5 nós feitos por eles mesmos.



Murais de infantil

Participamos no concurso de contos mariñeiros, cada neno fixo un conto e collouno na rede no blog que o colexio ten na páxina de Bueu Informa, resultando premiada unha nena de 4º.



Yaiza Sa García recollendo o premio

Como remate de actividades da Confraría vai organizar unha festa no noso centro de Infantil para todos os nenos e nenas de infantil e 1º ciclo de primaria do concello coa animada actuación de Abra Cadabra, lambetadas e como regalo unha camiseta.




Murais primaria

No vindeiro curso continuaremos traballando e investigando sobre este tema.

Aprendemos investigando e creando

Toma aire, pon as gafas de buceo e mergúllate no CORRE-MAR (corredor) do noso colexio. Algas, covas, bateas, barcos afundidos, anemónas, peixes, peixes e máis peixes, creio que aos mestres e mestras fóiselles a man con tanto azul e tanto peixe. Eu, a verdade, síntome moi ben, como un pulpo na auga, o que non farán para terme contento!

Para conseguilo farramos unha parede e o teito do corredor en papel azul arrugado e a outra parede con porespán que decoramos con diferentes motivos: cunchas, rochas, peixes, anemónas, algas, cabaliños de mar e ata un galeón afundido. A entrada ao corredor simula unha gruta submarina e do teito colga unha batea de mexillóns, vieiras e un mergullador rodeado de peixes feitos con goma espuma. Conseguímos o efecto deseado, pois cando te achegas mesmo parece que te mergullas no fondo do mar. Neste proxecto traballamos todos os alumnos do centro.



Corredor da entrada á biblioteca

Na biblioteca cheira a libros novos. Investigando, investigando, o cheiriño viña do meu búl. Pasiño, paseniño, achegueime e axexei dentro del e...atopei: Libros de X. M. Álvarez Blázquez, que é o "protá" do Día das Letras Galegas deste ano. Del hai os seguintes libros: "Xosé María Álvarez Blázquez, un héroe galego", que nos conta a historia da súa vida.

"O que ben che quer", un libro de poemas.

Tamén atopei o libro "Sar, Sarela e os monstros de Compostela". Este libro vai sobre dous gatos que percorren as rúas de Compostela descubriendo os segredos que hai agochados nas súas gárgolas.

Os meus amigos da editorial OQO, deixáronnos uns contos a mar de xeitosos: "Un segredo do bosque", "Chuzos de punta", "Soidades", "E que podo facer eu?", "Os tres porquiños".

Por non ser menos, Kalandraka tamén aportou outros libros entretidos: "A viaxe do bisavó", "Olladas", "Discurso do oso".

Eu xa os ollei e gustáronme moito, agora xa podedes remexer no meu cofre e disfrutar deles.

Se sodes uns bos navegantes de Internet, botade a rede e entrade na páxina: www.opacmeiga.rbgalicia.org/



Andel da biblioteca

Nela atoparedes tódalas novidades, para chegar a información da nosa biblioteca...OLLO PIRATA! segue o mapa e chegarás ata o tesouro.

Dentro das novidades, teño que contarvos que dentro de moi pouco poderedes disfrutar e aprender cos DVD de



Libro peixe de inglés

"Magic English". Consello:

Se queres inglés aprobar moitos "Magic English", terás que levar.

Foron moitas as actividades desenvolvidas neste trimestre na biblioteca:

O 23 de abril con motivo do día do libro os nenos e nenas de infantil e 1º ciclo recibiron con moita expectativa un contacontos patrocinado pola editorial Anaya.



Flor do día do libro

Os nenos e nenas de 2º seguindo a tradición elaboramos unha flor para agasallar aos nosos compis.

O 2º ciclo asistiu a unha obra de teatro "El viaje de Efi e os do 3º ciclo tiveron lecturas de contos dos nosos alumnos e escribiron poesías adicadas ao libro. Podedes leelas na sección...

Dentro das actividades enmarcadas na semana das letras galegas e organizadas en colaboración co equipo de normalización lingüística, os alumnos e alumnas de 4º, 5º e 6º participaron no concurso Tiralle da lingua a nivel de Galicia. Os gañadores do centro foron contar as súas historias a Santiago o día 30 de abril, foron: Pedro Meira Rodríguez de 4º, Lara Vidal de 5º e Anxo Dopazo de 6º. Agasalámoslos cun diploma e un libro en galego.

Os de 2º foron ao Correlingua e levaron unha pancarta presidida por Pápirus co lema "En galego 365 días". Os de 1º viaxaron no tren da lingua patrocinado por Caixanova.

O longo do mes de maio houbo preguntas sobre a vida e obra do autor homenaxeado Xosé María Álvarez Blázquez nun tablón na entrada do colexio.



Mural das letras galegas

Os nenos e nenas buscaron as respostas na biblioteca e introducían na furna as súas respostas. Os gañadores foron:

María Agulla

Saikov 3ºA, Manuel

Framil de Amorín de 3ºB, Rubén Malvido Reiriz 4ºA, Alejandro Ogando Cortés de 4ºB, Isaac Ferradás Villanueva de 5º A, Nuria Villar Iglesias de 5ºB, Sergio Mendiña Lebrero de 6ºA, Christopher Malvido Reiriz de 6ºB.

Na semana das letras dende a biblioteca obsequiamos cun marcapáxinas de regalo por cada libro en préstamo que levaban durante os recreos.

A biblioteca encheuse de imaxinación

Durante os meses de maio e xuño a nosa biblioteca recibiu visitas de xente importante.

O 15 de maio chegou o escritor e ilustrador Anxo Fariña. No cole de infantil, fixeron debuxos dos peliños para adornar o ximnasio, e tamén crearon un peliño cada un, para saudar a Anxo.



Anxo Fariña no cole de primaria

Nenos e nenas de infantil facendo peliños. Anxo ensinoulles os contos dos peliños, fixo un debuxo con moitas cousas: nenos e nenas, peliños, Antón e Pompón... E despois firmounos os contos.



Anxo Fariña cos nenos de infantil

Xa no cole de primaria os do 1º ciclo coas aventuras de Don Quixote e Bregón e os de 3º ciclo cos Megatoxos e O aprendiz de Druída amosáronlle os traballos e murais realizados con estes libros os que Anxo Fariña asinou con moito agarimo. Tamén puideron comprobar as súas habilidades como ilustrador pois realizounos uns preciosos debuxos en vivo e en directo.



Mural dos traballos realizados



Anxo Fariña no cole de primaria



Anxo Fariña asinando os libros

O 5 de xuño recibimos outra visita importante o escritor Agustín Fernández Paz que nos contou moitas cousas sobre el e a súa vida de escritor, explicounos dunha maneira moi sinxela como lle xorden as ideas para escribir os seus libros e como fai un primeiro esbozo no seu libro de follas amarelas co seu bolígrafo "especial" por que di que é moi doado escribir con el. Tamén nos presentou algúns dos seus libros aínda que a maioría xa os coñecemos porque os temos na biblioteca, incluso nos amosou un que estaba escrito e traducido ao chino.



Agustín Fernández Paz no cole de primaria

Os nenos e nenas fixéronlle moitas preguntas as que respondeu de moito agrado e asinou algún libro e algún mural con dedicatorias especiais.

Os nenos e nenas do 2º e 3º ciclo amosáronlle os seus traballos feitos a partir da lectura dalgúns dos seus libros:

A cidade dos desexos, A praia da esperanza, No corazón do bosque, Trece anos de branca.

O 10 de xuño recibimos na biblioteca a Carles Cano para todos os nenos e nenas de primaria. Os libros en castelán escollidos para traballar deste autor foron para 1º Al otro lado del sombrero, 2º Cuentos para todo el año, 3º La gallina que pudo ser princesa, 4º El último de los dragones, 5º Los viajes de Pericot y 6º Cuentos roídos.



Carles Cano no cole de primaria

Todos estes autores firmaron no noso libro de visitas da biblioteca que a modo de recordo imos completando con fotos e textos alusivos para que os nosos alumnos lembren sempre estes momentos de encontro cos autores e a lectura.

No interior da biblioteca creamos un espazo de exposición para os libros destes



Mural do corredor da biblioteca

autores que os nenos puideron ler ao longo do curso ou levar en préstamo. Tamén no corredor da biblioteca preparamos unha gran benvida a todos eles colocando murais, traballos e debuxos que os nenos foron facendo ao longo do 2º e 3º trimestre.

Os roteiros

Chegando ás vacacións como todos os anos facemos un recorrido polo noso entorno, este ano tratándose do tema do

mar non podía ser doutra maneira, posamos un estupendo día nunha das fermosas praias de nosa vila, Portomaior que

este ano ademáis conta coa bandeira azul. Os máis cativos de infantil e 1º ciclo quedáronse na praia da Banda do Río.



Nenos e nenas de 1º ciclo na Banda do Río



Nenos e nenas de 2º ciclo en Portomaior



Nenos e nenas de 3º ciclo en Portomaior

NON VEXAS TANTO A TELE
NON COMAS BOLLERÍAS
FAI DEPORTE E
COME SAN
IASÍ TODOS OS DÍAS!



Cris, Aldara e Marta 6º A

Animátese a ler

"No Corazón do Bosque" de Agustín Fernández Paz.

Trata dunha nena que vai de excursión á Fraga do Eume, sen que se dera conta entroulle un trasno na mochila e levouna para a súa casa donde lle ocorren moitas aventuras. Estou seguro que vos ídes enganchar.

Abel 5ºA

"Harry Potter e as reliquias da morte".

Este conto trata dos adolescentes que intentan matar dunha vez a Lord Voldemort que asasinou os pais de Harry e deixoulle unha marca dun raio na fronte. Harry adéntrase no mundo dos mortos. Ao final acaban dunha vez con Lord Voldemort.

Martín Otero 5ºA

"Os megatoxos"

Recomendamos os Megatoxos de Anxo Fariña, porque che enséña a traballar en equipo, e tamén porque axúdanse uns aos outros. Cando teñen problemas resolvemos todos xuntos sen coñecerse de nada. Drunxel e o diaño con que teñen que loitar: Ruxe, Faisca, Ninfa e Lúa.

Cristina, Nicol, Mónica 5ºA

A aventura de ler polos de infantil

Nenos e nenas de educación infantil

Os contos axudan a desenvolver as capacidades básicas dos nenos e nenas. Por iso dende a biblioteca de aula e a da escola pretendemos, entre outras cousas, potenciar a imaxinación, a fantasía, estimular a memoria...

Unha das actividades levadas a cabo foi elixir entre todos o conto que máis lles gustou e por qué. Os resultados achéganse a continuación:



Nenos na biblioteca de infantil

Os nenos e nenas de 5 anos (grupo A) elixiron os contos dos "Pelelilloños", as súas opinións despois de facerlle a pregunta: Por que vos gustaron os contos dos pelelilloños? foron:

"Porque me gustan os debuxos que ten", "Porque cae dunha tarta" (pelelillo cocinero), "Porque o pelelillo médico transformase nunha xeringuilla", "Porque fixeron un barco (pelelillo pirata)", "Porque se tira pola neve" (pelelillo montañeiro), "Porque me gustan moito os gatos (pelelillo gato).

Os nenos e nenas de 5 anos (grupo B) elixiron: "A Toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na súa cabeza". Gustoulles este conto porque: "Nos dá risa as cacas e cando lle caga a toupiña ao can", "Fació gracia cómo folaban as moscas", "É graciosa a toupiña", "La caca que echan los animales es muy graciosa".

Os nenos e nenas de 4 anos (grupo A) elixiron "El tesoro de la isla del Pirata Calavera". As opinións dos nenos e nenas baséanse na forma, porque o conto é desplegable,, o que máis lle chamou a atención foi: O "Pirata Calavera porque ten ouro", o "murciélago porque duerme cabeza abaixo, porque tiene colmillos, porque es volador, vuela muy altos, os "monos porque son moi divertidos, porque se moven", a "serpe porque ten a cola moi larga"...

Os nenos e nenas de 4 anos (grupo B) votaron o conto "O día en que a mamá se lle puxo a cara de teteira". Os comentarios dos nen@s sobre o mesmo son: "Gustounos porque a nai de Marquiños convertiuse en teteira e porque botaba lume pola boca e era divertido", "Cando a mamá botaba fume pola boca e... catapún convertiuse en teteira", "A avoa Lubi asustada, porque tiña medo a teteira", "Cando Dona Euloxia a quería poñer no fogo (teteira)", "Cando empeza o conto porque ten un pito".

Os nenos e nenas de 3 anos tamén fixeron a súa aportación, aconsellándonos a lectura dos seguintes contos: "Os tres porquiños", "Os pelelilloños", "O gato Guille", "A Toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na súa cabeza", "Tío Lobo", "O coello Branco", "Os bolchas", "Pedra, pau e palla", "Once damas atrevidas", "Co dedo no nariz".


O tren da lingua

Alumnos de 1º.


O xoves, 10 de abril fomos de excursión en autobús ata Pontevedra, e logo en tren ata Vigo, cos nosos mestres Carmen e José Luis, os nosos compañeiros e compañeiras. No tren había nenos e nenas doutras colexios e pasaban cousas moi divertidas. Na estación de Vigo había cantacantos e pallasos, fixéronnos rir moito. Logo merendamos dous bolos e un batido de chocolate. De volta a Pontevedra no tren, regaláronnos unha mochila e un estoxo con ceras, e logo volteamos ao colexio en autobús. Pasámolo moi ben



Debuxo dos nenos de 1º



Traballos de infantil de cultura mariñeira



Traballos de infantil de cultura mariñeira

Papius participou no Correlingua 2008 cos alumnos e alumnas de 2º


Alumnos e alumnas de 2º.

O día 13 de maio todos os alumnos e alumnas de 2º participamos nunha correeira moi especial en Pontevedra: "O Correlingua".

Consiste nunha concentración de diferentes colexios das diferentes provincias galegas. O obxectivo é percorrer as principais rúas da capital baixo un mesmo lema en defensa da lingua galega.

O día 13 pola mañá abandeirados coa nosa pancarta e vestidos coa camiseta decorada coa nosa mascota, saímos nun autobús cara Pontevedra.

Como o día estaba de chuvia, non puidemos ir de roteiro polas rúas de Pontevedra e alí marchamos para o recinto feiral.



Os nenos e nenas de 2º preparados para participar no Correlingua

"365 DÍAS, EN GALEGO CABE TODO".

Os días previos ao Correlingua, na nosa escola preparamos unha significativa pancarta para lucir en Pontevedra; como non podía ser doutro xeito colocámosa no centro a nosa mascota Papius soñando co lema que este ano define ao Correlingua.

Así mesmo, cada un de nós decorou unha camiseta que nos ofreceu a consellería de normalización lingüística. Na parte dianteira da camiseta levábamos escrita unha palabra en galego, elixida libremente por cada un de nós. Eleximos palabras como: ledicia, galego, agarimo, meniña, quenlla, golfito...

Na parte traseira apareceu o noso amigo Papius.

Xuntámonos ali moitos colexios, arredondos mil rapaces e rapazas. Os organizadores colocáronnos na parcela correspondente, e cando xa estabamos todos recibímonos o Alcalde de Pontevedra e outras autoridades. Todos faláron da ledicia que lles producía ver a tantos nenos e nenas acudir a Pontevedra a defender o noso lingua.

Logo, repartíronnos agasallos (pois a nós non nos tocou nada) e vimos o espectáculo do Xabarin. Cando xa as tripas empezaban a ruír merendamos mazás e cacahuetes e bebemos auga ien fin!, unha xornada escolar diferente para festexar que **NOS 365 DÍAS A NOSA LINGUA DEBE ESTAR SEMPRE PRESENTE!**

Facer nós mariñeiros non é unha tarefa doada

Alumnos de 2º.

O día 25 de abril de 2008 os nenos e nenas de 2º curso de Primaria participaron nun obradoiro de nós mariñeiros dentro das súas aulas, xa que este é o ano do MAR no noso colexio.



Tableiro de nós.

Chelo unha redeira do pobo, Samuel e Manuel dous mariñeiros de Bueu ensinaron aos nenos e nenas de 2ºA a arte de facer nós mariñeiros. Entre todos os que hai, aprenderon a facer nós como o trébol, as de guía, llano, pescador, oito dobre e o nó de ciruxano.

Por outra banda, Manuel, o Patrón Maior da Cofradía de Pescadores de Bueu e pai de dous nenos do centro, tamén lle explicou aos alumnos de 2º B a elaboración de diferentes nós e o utilidade de cada un no mundo da pesca, como, o as de guía para o amarre dos barcos no porto, a asa corredizo, llano e o pescador.



Nenos e nenas realizando nós

Logo dunha mañá intensa de atar e desatar conseguiron os nenos e nenas artellar o seu propio panel de nós, claro está, que se trataba dos máis sinxelos segundo o que din os expertos: o ás de guía, o llano, o ciruxano...

A árbore do saber

Alumnos e alumnas 1º ciclo

No descanso das escaleiras que soben as aulas do 1º ciclo, hai unha árbore moi especial, "A árbore do saber".

Trátase dunha árbore xigante, elaborada con churros de papel de periódico e pintada con témpera marrón, que posúe unha característica moi particular: é estacional e cíclica. Na actualidade lémbrenos a unha árbore de litoral. Ela encárgase de recordárnos cada vez que subimos e baixamos que o curso avanza, que os temas varían, que adquirimos novas aprendizaxes e que vivimos novas experiencias.

Pelo mes de decembro vestímola de Nadal, puxémoslle compás, estrelas, lazos... Pola Paz escribímoslle poemas, en febreiro disfrazámola de Popeyes, Olivias e Neptunos. O colorido chegou á árbore coa primavera aparecéronlle as follas e as flores, rodeouse de bolboretas, de gaivotas, de pequenos vermes. No seu tronco os estorninos fixeron un pequeno niño.



A árbore do saber no corredor do 1º ciclo

Xa rematando o curso, da un gran gusto ver a nosa querida árbore.

Despedida de curso con aires de monte

Alumnos e alumnas de 1º ciclo.

O día 3 de Xuño a primeira hora da mañá saímos cara Fornelos de Montes a pasar un día en contacto coa natureza.

Os de primeiro tivemos máis sorte e saímos axiña, pero os de 2º tivemos que esperar que chegase o outro autobús que andaba perdido por Bueu adiante.

Despois dunha longa hora e axetreada viaxe por estradas estreitiñas de monte e montañas, con algún mareo que outro, chegamos a unha preciosa paraxe... ¡Era a Granxa Kirika!

En canto baixamos de bus estabamos esperando uns amables e impacientes monitores para acompañarnos nas actividades que tiñamos previstas.



Nenos e nenos do 1º ciclo na granxa Kirika



Nenos e nenos de 1º facendo na Granxa Kirika

Os de 1º participamos nun programa de lá, aprendemos moitas cousas do aproveitamento da lá: lavámola, caródmola, tecemos unha pulseira... Os de 2º descubrimos o ciclo da auga e súa importancia para os seres vivos, non podemos perder nin unha gota de auga. Co remate entre todos fixemos uns pluviómetros que

trouxemos para o cole para medir a cantida de auga caída por metro cadrado. De volta ao cole, xa moi cansados de tanto traballo e medio mareadiños polo reforzado camiño o autobús estragouse, deixonos descansar en Marín, e aproveitamos para saborear os ricos bocatos de nocilla que nos deran na granxa. Foi o autobús dos de 1º os que nos rescatou e trouxonos sanos e salvos ao cole.

Saída ao teatro

Alumnos de 3ºA.

O día 24 de abril os nenos e nenas do segundo ciclo do CEIP "A PEDRA" fomos ao Centro Cultural Caixanova de PONTEVEDRA para ver a obra de teatro "A VIAXE DE EFI".

A protagonista da obra era unha mosca que acababa de nacer. Ao comezo a mosca nai, antes de morrer, dáballe os seus últimos consellos a súa filla para que aproveitara ben a súa curta vida. Díxolle que non tivera medo pero que tivera coído dos descoñecidos que lle ofreceran lambetadas; que voara lonxe, que viaxara, que traballara un pouco e que non descoñecera a súa alimentación. Recomendoulle que aproveitara da súa curta vida, porque o importante non ía ser o tempo que vivira senón o que fixera con el. Efi ten que saír correndo e non pode coller nada máis que o sombreiriño de raíñas que lle da súa nai. En primeiro lugar, Efi atópase con formigas traballadoras que recollen as sobras que atopan para poder ter no inverno moita comida. Despois collee uns pulgóns larpeiros que lles en-



Nenos e nenas do segundo ciclo no Centro Cultural Caixanova

canta comer bocadillos de cempés. Mais adiante ve unhas xoaniñas que só pensan en comer e as que lles gusta moito o zume de pulgón. O seguinte animal co que se atopa Efi é un escarvello dono dun circo moi especial que se dedica a coller cacolas. A continuación, unha araña case papa a Efi.

Por fin, Efi atopa amigos de verdade. Coas abellas pode compartir xogos, comida e bicos.

Que aprendemos con esta obra? Que durante a nosa vida temos que colleez moita xente, aprender moitas cousas, disfrutar e facer moitos amigos e amigos e canto mais diferentes mellor.

O Babiliglub

Martín Pérez (3ºB)

Os nenos de 3º de E.P. fomos ó Centro Social para ver unha obra titulada BABILIGLUB: Trataba sobre un peixe que non sabía facer i glubi,e facía imiau, os peixes burlábanse de el.

Peru un día viu unha rato, e os peixes estaban asustados pero... o peixeño fixo imiau e espantou a rata. A obra demostraba que todos somos importantes aínda que sexamos diferentes.



Debuxo coloreado por unha nena de 3ºB



Traballo das nenas de infantil

A importancia do consumo de peixe

Alumnado de 3º e 4º.

O xoves, 15 de Maio, o alumnado do 3º e 4º acudimos a unha charla sobre a importancia do consumo de peixe. Foi impartida por dúas mozas da confraría de pescadores de Baeu.

Despois de presentarnos, preguntáronnos cal era a nosa comida preferida. Comprobamos que a moitos nos gustaban pratos que levaban peixe ou marisco. Que cantidade de pratos saborosos saíron!

Continuaron falándonos un pouco sobre historia de peixes, este xa se consumía en épocas prehistóricas pero que foi mellorando coas técnicas de preparación (importantísimo o descubrimento do lume) e de conservación (afumadura, salgado, refrixerado).

Sabedes a cantidade de beneficios que ten comer peixe ou marisco? Pois mirade son ricos en proteínas, que fortalecen os músculos e nos axudan a medrar. Contéñen vitaminas, esenciais para previr enfermidades, mellorar a visión, etc. Tamén teñen minerais, como calcio para fortalecer os ósos, fósforo,...

Ademais de ácidos omega 3, e sobre todo no peixe azul, que está demostrado que prevén enfermidades cardiovasculares e tamén son bos para o cerebro.

Dada a importancia destes produtos, debemos esixir aos traballadores do mar



que exerzan unha pesca responsable. É imprescindible que non capturen os peixiños que aínda non teñen acadado a idade de reprodución (pezqueñines, non grazas!) pois acabarían coas especies. Para isto, os mariñeiros deberían utilizar sempre os aparellos regulamentarios e respectar os períodos de veda.

Non só os mariñeiros deben coidar o mar. Todos debemos evitar que se tire lixo o mar, empezando por nós mesmos.

Á hora de mercar o peixe, temos sempre que procurar que sexa fresco. Para iso temos que fixarnos que conserven o brillo, especialmente nos ollos, e que as branquias estean vermellas.

Rematamos esta actividade xogando a ser mariñeiros. Pasámolo moi ben, pero tamén soubemos cal era o tamaño mínimo que debe ter cada especie para poder ser capturados.

O bacoreu ten que medir máis de 12 cm.

O xurelo ten que medir máis de 12 cm

A centola máis de 12 cm

A sardiña máis de 8 cm

As vieiras máis de 10 cm

A boga máis de 14 cm

A cigala, a cabeza máis de 3 cm, e a cola máis de 8 cm.


Na sección de sociedade ofrecémosvos uns sabrosas receitas con peixe e marisco, aí vai unha para ir facendo boca.

De produtores a escritores

Alumnos de 4ºB

Animados pola temática do universo os alumnos de 4º realizaron pequenos traballos de investigación sobre os planetas, a súa disposición con respecto ao astro rei, os satélites e en especial do

Lúa. Tamén buscaron información sobre astronautas. Tras isto cada un escribiu o seu propio libro sobre toda a información recompilada. Vede algunhas das xoias da literatura.



Mural dos nenos e nenas de 4º B

Receita

LINGUADO AO FORNO

INGREDIENTES: 1 quilo de linguado, 1 cebola, 1 dente de alho, 1 pemento, 1 limón, Sal, 1 rama de perejil, 1 vaso de aceite, 1 vaso de viño branco, 1 quilo de patacas, Azafrán, 1 vaso de auga

ELABORACIÓN

Nunha tarteira de barro botamos a cebola e o pemento en tiras. Colócanse as patacas cortadas en toradas grosas. Faise un oco no medio da tarteira para o peixe. Engádesse o sal, o alho, o perejil, azafrán, e o limón, cortado en castro partes. Bótaselle o vaso de viño branco e outro vaso de auga por riba. Ponse no forno a 150 grados unha hora.



De paseo por Vigo

Alumnos de 4º

Os alumnos de 4º de Primaria son uns rapaces todoterreo, despois das súas aventuras por Pontevedra, agora deciden cruzar a ponte de Rande cara a cidade de viguesa.

No mes de abril, os alumnos e alumnas de 4º visitaron a cidade de Vigo. A choiva acompañounos ata Naturnova. Divididos en grupos todos pasamos por 3 salas. Nunha delas podemos observar o universo posto que había unha esfera xigante que mostraba as órbitas dos planetas e ordenadores que nos informaban sobre os distintos planetas do noso sistema solar e da Vía Láctea.

de despedimos de Naturnova atopamos refuxio no MARCO, o museo de arte contemporáneo, onde ante todo tivemos uns momentos de descanso para comer a merenda.

Como eramos bastantes, os monitores dividíronnos en dous grupos. Subimos e baixamos, baixamos e subimos e polo museo recorremos diversas salas onde se vía a evolución das películas animadas, dende as máis antigas ás máis modernas. Aínda que isto foi divertido había algo que nos ía gustar por encima de todo: Facer a nosa propia animación! Como estábamos un pouco xustos de tempo non puidemos visionar a nosa obra mestra pero prometéronnos enviála por correo



Nenas e nenos de 4º en Allariz

Noutra sala podíamos ver ou mellor dito cheirar diferentes olores e intentar adiviñar o que era, libros para consultar e unha cámara desde a que observar o que ocorría na rúa naquel momento.

Unha das partes que máis impresionou foi sen dúbida o submarino amarelo que nos transportou polo fondo do mar coas lentes de tres dimensións.

A nosa aventura non rematou aí. Despois

ao colechio e ... cumpriron a súa promesa!! Unhas semanas máis tarde procedemos ao visionado da nosa primeira película. E se isto non era pouco, tamén fixemos unha pequena actividade de debuxo. Xirando unha goma atoda a un cartón debuxada íamos comprobar a facilidade de facer unha animación moi rústica pero de simpática fabricación. Queredes facer unha? SÍ?

Todos coa igualdade

Alumnos de 3º e 4º.

O pasado 22 de maio os nenos e nenas de 3º e 4º saímos ao Centro Social do Mar para ver a unha contacontos Ana Carreiro. Ana representou tres historias sobre a "igualdade" entre homes e mulleres.

A primeira trataba sobre unha nena que acababa de cumprir 6 anos e estaba bailando co seu pai mentres a nai estaba triste. Sabía que para o día seguinte viría o domador de nenas. Ao saír o sol, o domador chegou acompañado de tres axudantes acucias e curiosos. O domador tiña un bigote moi longo que lle servía de látigo e cada vez que intentaba pegarlle á nena, ésta tirábase ao chan coma unha alfombrilla. A nena quería probar cousas novas: quixo comer na bañeira, quixo durmir no tellado e ler no armario pero a todo iso o domador dicíalle: "tes que ser boa e xogar a cousas boas a cousas de nenas como ás casillas". Á mañá seguinte, a nena oiu o vento dicíndolle que non tivese medo. Nese momento a nena despegou do chan e aterrou nunha árbore dende a que lle cortou o bigote ao domador. Despois disto, a nena nunca volveu ter medo e se vía a algunha nena chorar dicíalle de non ter medo e ser Valente.

O segundo conto foi dun príncipe que andaba polo monte e tiña frío e sono así que petou na porta dun palacio e pediulle ao rei se o deixaba pasar alí a noite. O rei pediulle que fora ata a cocíña. Alí, atopou oito galiñas. Sete delas eran as súas fillas e a outra a bruxa que as transformara. O príncipe quixo axudalas e colleu unha escoba de bruxa e obrigárona a converter as galiñas en princesas. As sete elixiron un oficio e foron para sempre unhas princesas independentes. O terceiro trataba dunhas lavadeiras moi limpas ás que todos consideraban telas pero atoparon vivindo lonxe do aldea uns leñadores moi moi sucios aos que axudaron lavándoos e secándoos. Así entre as diferenzas que tiñan, aprenderon a traballar e a respetar esas diferenzas.

Torneo escolar: "No recreo xogamos todos e todas"

Un ano máis, e xa van sete, celebrouse durante os recreos deste curso 2007-08 o "VII Torneo Escolar" no que contamos coa colaboración de todos-as vos para que se poidera levar a cabo.

No primer trimestre colleu a dianteira 5ª-A pero no segundo as cousas cambiaron e comezaron a destacar os de 4ª-A seguidos de preto por 6ª-B e 5ª-A. Pero como xa sabedes todos-as as cousas non son como empezán senon como rematan e a sorpresa foi 6ª B que gañou o torneo deste ano con nada menos que 53 puntos.

Aí vai a clasificación xeral

Curso	Puntos
6ªB	53
5ªA	47
4ªA	47
3ªA	35
4ªB	30
3ªB	26
5ªB	22
6ªA	22

Como todos os anos lebrar que este torneo que consta de seis ligas: mariquitiña, voleibol, fútbol, pano, brilé e corda.

Ten como obxectivo a participación de todos os nenos-as así como desenvolver hábitos de socialización, respecto...

Sempre contando coa colaboración do Servizo Galego de Saúde e a súa compañía de "Espazos libres de fume".

Xogos de onte e de hoxe, xogos de sempre

Como xa levamos varios anos facendo dende a área de Educación Física realizamos un traballo de recopilación de xogos populares. Aí van algún dos xogos recopilados e prácticos polos nenos-as do C.E.I.P. A Pedra:

Os pelouros: Colocas varias pedras: pelouros no chan. Colles nunha man unha pelota e cando a tires o aire tes que intentar coller algunha das pedras coa outra man, antes de que a pelota bote no chan. E así seguido ata conseguir coller dúas, tres, catro... pedras.



(Nicole López 5ª-A)

Os bolos celtas: son unha especie de bolos e xogase lanzando unha bola de madeira dende unha certa distancia, cantos máis bolos tires máis puntos obtiñen e se algún bolo traspasa a raia son dez puntos e así ata rematar cinco partidas.

(Diego Ferradas Villanueva 3ª-A).

Pedras ao mar: Cando vas a praia sempre podes xogar a un xogo que é moi divertido. Tes que coller pedras planas e botalas ao mar intentando que boten cantos máis veces millor porque cada bote é un punto. Segun os puntos que fagas gañas ou perdes.

Normas: 1. Non podes tirar cando non sexa o teu turno/ 2. No xogo non está permitido tirar pedras que non sexan planas/ 3. Non podes tirar por un compañeiro (Teresa 4ª A)

O Tirabolos: O tirabolos ten forma de Y que pode ser de madeira ou de metal: Ten unha goma e nesa gomaponse unha pedra, tírase da goma e o pedra sae disparada.



(Abel 5ªA)

A chave: Un xogo no que a puntería é moi necesaria. Consiste en tirar pedras a un obxecto de metal colocado a certa distancia. Para xogar fan faia tres pedras por persoa chamados pellos, xógase en grupos de máis de catro persoas, que teñen que tirar as pedras cara á chave. Gaña o que teña máis puntuación, xa que a chave ten unhas pezas de distinto tamaño que dan a puntuación. (Mª Eugenia González Martínez 4ª B).

Tres en raia: Xogase nun cadro con nove ocas e tres pedras cada participante. Consiste en formar unha liña de tres pedras vertical, horizontal ou diagonal tendo coitado co rival non cho impida ou faga liña antes ca ti. (Lara, Yi, Noelia 5ªB)

O mariquitiña: Primeiro hai que debuxar no chan a mariquitiña en forma de avión,

logo tiras unha pedra ao debuxo e se che coe fóra do cadrado tócalle o seguinte, mentrás que se queda pisando a raia tes tres oportunidades máis para conseguilo. Cando che volta a tocar outra vez tiras o número no que perdes. Gaña o que máis rondas consi-

ga e polo tanto chegue a un número máis alto na mariquitiña. (Tatiana Martínez Cabanelas 4ª B)

As tabas: Primeiro buscábanse unhas pedras que foran redondas ben feitas e colocábanse no chan un pouco separadas. Despois colliase unha no man e lanzábase o aire, o xogo consistía en coller na man unha das pedras que había no chan para despois rapidamente ogarrar a que lanzaremos ó aire. Repetíase a mesma operación con todas as pedras. Se perdías tocábalte xogar o compañeiro. Na 2ª volta tíñanse que coller de dúas en dúas as pedras e logo de tres en tres e así sucesivamente. Gañaba o que conseguía coller todas as pedras na man. (Fernando Llorente Vidal 5ª A).

Catro días en Madrid

Visita ao Palacio Real



Nenos e nenas no centro preparados para saír

O martes 27 de Maio saímos do colexio ás 9:20 con destino ao aeroporto de Vigo (Peinador). Ali facturamos as maletas e subimos ao avión, durou máis ou menos 50 minutos con destino ao aeroporto de Madrid (Barajas).

Collemos as maletas e marchamos en autobús ao hostel, déronnos as chaves e despois fomos ao restaurante a comer. Pola tarde fomos no autobús "Madrid visión", déronnos uns auriculares e libronos cantando a historia dos edificios, das fontes, etc...

Ás 19:00 fomos ao museo do Prado, ali vimos os cadros de Goya como por exemplo A carga das mamelucos ou coñecido tamén como O dous de maio e O tres de Maio coñecido como o dos fusilamentos tamén vimos o Retrato da familia de Carlos IV e as miniaturas que son retratos moi pequenos que parecen fotografías.

Volvemos ao hostel a cear e a durmir.



Paseo no "Madrid Visión"

Ao día seguinte fomos ao Palacio Real e ao zoo.

O Palacio Real é moi grande, os reis non viven alí por iso. Ten 300 reloxo pero nos só vimos 24. Os reis só van alí cando teñen visitas importantes.

Os reis viven no palacio da Zarzuela. Os reis cando teñen visitas importantes cando se sentan nos tronos, reciben á

xente de pé. O palacio foi destruído por un incendio no ano 1734, Felipe V quixo construír un palacio novo no mesmo lugar onde estaba o outro. A Marta o que máis lle gustou do Palacio Real foi a sala onde estaba o violonchelo na furna e o Soray o que máis lle gustou foi a mesa onde se sentan a comer cando teñen unha visita importante.



Todos no Palacio Real

Visita ao Zoo

Fomos ao zoo o día vinte e oito; pasámo-lo moi ben. Miramos moitos animais, pero os que máis me gustaron foron os golfinos, porque fixeron un espectáculo moi bonito. Ollamos moitos monos e xa que son os meus animais preferidos quedeime véndolos moito rato. Uns monos pequenos e brancos estaban pelexando. Uns chimpancés estaban comendo os piollos e o min deume moito noxo. Cando pasamos polos gorilas, un bebé estaba mamando dos peitos da súa nai.

No acuario vimos unha quenlla moi grande, que despois o vimos desde arriba. As focas e os leóns mariños son moi listos, eu descubriño no espectáculo tan bonito que fixeron. Tamén vimos os espectáculos das aves que eran moi bonitas e pasaban voando por enriba das nosas cabezas. Vimos os pandas que eran moi riquiños. Para rematar direivos que os camelos tiñan xorobas caídas.

Os animais do zoo ben o pasaron con nós, e cos espectáculos, ben o pasamos nós

No musical o pasamos xenial, E os actores, que son cantores, Na Warner Bros moi ben o pasamos nós.

E nós elegimos as atraccións de medo, risa e acción.



Nenos e nenas no zoo

A Warner

O xoves 29 de maio visitamos o parque Warner. Mantamos en todas as atraccións agás unha, a de caída libre porque había que ter 13 anos.

As mellores atraccións eran: a montaña rusa de Superman, a de Batman, a de Stun-fall, a montaña rusa de madeira, o Columpio, o Río Bravo e As Cataratas

Salvaxes.

Había moitas fontes e moi chulas. Era moi grande, velaquí tendes o mapa.

Gustounos moito ir e pasámo-lo xerial, esperamos que cando voades vós o pasades igual de ben.

Aburiño!!! Os profes que máis subiron nas atracción foron Ignacio e Inés.



Visita á Warner



Repetimos o Prado

O día 30 de maio volvemos ao Prado para ver a exposición permanente. O primeiro que visitamos foi a capela do románico que era unha capela reconstruída e que se levou O prado porque iba a ser anegada por un encoro. Nestas pinturas románicas observamos estas características: as pinturas estaban perfiladas con bordes escuros e grosos, tamén vimos a figura do Pantocrátor (imaxe de Deus Todopoderoso, sentado nun trono) e o Tetramorfos (figuras simbólicas que representan os catro evanxelistas en forma de león, touro, águila e anxo) que rodeaban o Pantocrátor.

Despois fomos ver O xardín das delicias de El Bosco é un tríptico, ten moitas cores vivas no que aparecen animais, flores, plantas etc. Representa o purgatorio, o paraíso e o inferno.



Esperando na cola do museo

A continuación fomos a sala de El Greco onde vimos A trinidad que é un cadro no que aparecen Deus pai, Deus fillo e Deus espírito Santo. Aquí botamos en falta o cadro de El caballero de la mano en el pecho, que estaba emprestado para outra exposición.

Finalmente fomos a sala de Velázquez onde nos paramos tempo en ver As meninas e chamounos a atención a profundidade do cadro é con cores escuras no que aparecen as fillas do rei.

Ao Prado fomos e ben o pasamos o primeiro día a exposición de Goya había.

No palacio real 300 relaxos había a exposición máis grande que existía.

Ao zoo fomos o golfiño actuar vimos, esas pandas que eran chinas.

O musical

"A Bela e a Besta"

O xoves pola noite, asistimos ao musical da Bela e a Besta. O vestuario era precioso. Unha cousa que me chamou moito a atención foi o decorado do escenario. As coreografías eran impresionantes.

A Bela gustáballe moito ler e por iso chamábanlle extraña. O home da biblioteca deulle un libro que lle encantaba.

A Besta levaba unha máscara de besta, porque antes era egoísta e unha bruxa fíxolle un conxuro. A máscara levaba dous cornos, moito pelo ao redor e unha cara chea de engurras.

Gastón pretendía casar coa Bela pero ela non quería. Levaba unhas botas e luvas vermellas.

Queredes coñecer a historia?... A Bela gústalle ler, vivía co seu pai nunha casa humilde. O seu pai inventaba moitos aparellos. Un día apareceu un home chamado Gastón que non paraba de molestar a Bela porque quería casar con ela. El facía todo o posible pero ela sempre se negaba. Unha tarde, o pai de Bela desapareceu e chegou a un castelo no que vivía unha besta. Cando Bela se enterou de que o seu pai desaparecera foi en busca del. Entrou nun castelo e mirou ao seu pai engaiolado. Besta descubriuna. Bela díxolle á Besta que o seu pai estaba moi enfermo e chegaron a un acordo: a Besta deixaría ir ao seu pai pero ela tería que quedar ali. Cando Bela xa levaba tempo no castelo, a Besta obrigou a Bela a cear con el pero a rapaza non quixo e Besta enfadouse moito. Uns sirventes da Besta estiveron falando con el e díxéronlle que se quería que Bela se namorase del tiña que portarse como un cabaleiro. Besta así o fixo. Despois dun tempo Bela namorouse da Besta. Foron á biblioteca do castelo pero Besta non sabía ler e Bela lleulle un conto. Despois duns minutos Bela preguntoulle se quería cear con ela e a Besta contestoulle que si. Cando Besta pedíulle bailar a Bela, ela díxolle que si. Bela namorouse del e coeu o último pétalo da rosa que tiña a Besta e rompeuse o feitiço da Besta para sempre.

Os nenos e nenas necesitan límites

Departamento de orientación

Hoxe en día moitos profesionais da educación coinciden en que os límites son os que ofrecen a seguridade, o benestar e o aprendizaxe que necesita calquera ser humano para un desenvolvemento completo. Estase a falar dunha "xeración de fillos tiranos" que non están dispostos a obedecer así como así aos adultos.

En ocasións, os pais non imponen regras ou os límites son moi brandos, porque senten que non teñen enerxía suficiente, intentan compensar o pouco tempo que lles poden adicar, por diferentes criterios entre o pai e a nai, ...



Isto leva a que as normas non estean claras ou cambian, o seu cumprimento non sempre ten consecuencias, hai ameazas e berros pero ao final os castigos non se cumpren o que provoca que os nenos e nenas mostren desobediencia, falta de respecto, loito de poder ("eu teño o mesmo dereito ca ti").

Unhas normas firmes e adecuadas:

- Axudan aos nenos e nenas a saber que se espera deles.
- Proporcionan seguridade e confianza.
- Axudan aos nenos e nenas a controlarse a si mesmos.

Un dos maiores beneficios que se poden obter das normas e límites é que prepara aos nenos e nenas para vivir en sociedade. Aprender dende pequenos que non sempre se pode conseguir o que se quere (capacidade para tolerar a frustración), no momento que se quere (capacidade para atrasar o premio) evitaralles moitos desgustos na vida adulta e fará posible que se convertan en persoas máis felices. Algunhas pautas para establecer normas:

- As normas deben de ser claras, sinxelas e directas.
- Os pais e nais son o modelo de comportamento para os fillos e fillas.
- Ser coherentes e consecuentes coas normas e os castigos cando non se cumpren.
- "Non" significa "non".
- Formúlalas de forma positiva.
- Con acordo nas normas entre pai e nai para non desautorizarse entre eles.
- Aplícalas de forma serena e firme.

A maneira de establecer normas ou límites non é inamovible. As normas cambian coa idade do neno e da nena, ás veces existe excepcións que hai que ter en conta.

Aproveita o tempo libre

Departamento de orientación

Chegan as vacacións e despois de moito traballo temos tempo de descanso, de ocio para facer actividades que nos gustan.



Estar de vacacións non implica estar sen facer nada ou estar diante do tele continuamente. É interesante que os nenos e nenas empreguen o seu tempo libre doutra maneira, isto axudaralles a desenvolver distintos campos da súa persoa: amizade, cultura, afeccións, ...

Estas actividades teñen que ser axeitadas á idade e intereses de cada neno e nena. A continuación, tedes unha pequena mostra das diferentes actividades que se poden desenvolver:

- Actividades de acompañamento familiar: excursións, saídas, xogos, bicicleta, cometas, ...
 - Actividades organizadas polo Concello: Obradoiros, cursos, ludoteca, ...
 - Asociacións culturais e deportivas: Escola de balonmán, banda de música artística, club golfitos, ...
 - Biblioteca e Museos: Lecturas axeitadas á idade do neno e nena.
 - Actividades de repaso do curso
- Tamén os nenos e nenas necesitan tempo libre para xogar. Non é bo agobiálos e sobreesixirilles cun horario cheo de actividades.

Trátase en todo caso de sacarlle rendemento ao tempo libre que teñen os nenos e nenas aproveitando xunto cos seus amigos e amigos e familiares.

**SE FAGO DEPORTE
SÍNTOME SAN E FORTE**



Xubilacións e despedidas

Papirus

Despois de tantos anos no cole e tantos anos adicada a ensinanza a profesora Cochi Estévez decidiu xubilarse: praias de Cancún, balnearios, excursións, alá vaill adeus ao despertador, ás reunións de ciclos tostóns, aos claustros, a exames, a correxir...

¡Botarémoste en falta!

Os que están de sorte son os nenos e nenas da Xunqueira 1. O próximo curso terán unha nova profe estupenda. Estrañarémoste moito Carmen Rogel e espero que no teu próximo cole te reciban con todo o cariño que ti te mereces. Un biquiño do teu polbo cabezón, Papirus.

Non podo esquecer a: Angela, Diana, Emilio, Esther, José Luis, Silvia e Sonia, que teñades moita sorte no voso próximo destino o vindeiro curso.

A desaparición de Ramón

Xa fai casi dous meses que non sabemos nada de Ramón.

Un venres marchou coma todos os días e o luns xa non volveu. Sospeitosamente a súa desaparición coincide coa fuxida da casa dun xabarin. Estarán relacionados estes dous feitos? Os nosos reporteiros puxéronse mans á obra para tratar de esclarecer este estrano suceso. Son poucas as novas que sacaron en limpo. Só sabemos que o xabarin foi visto por última vez cruzando a estrada e non polo paso de pedóns. O coche de Ramón foi visto polas inmediacións e algunhas voces aseguran ter visto a Ramón co collarín.

Vós mesmos sacade as conclusións, será que... presuntamente e só presuntamente o xabarin atropelou a Ramón? seguiremos investigando.

No próximo número a nai do xabarin contará a súa versión.

Os nenos e nenas de 6ª despídanse cun acróstico

Amor, adeus, ata logo.

Teremos os vosos recordos.

Agarimo polas vosas ensinanzas.

Sempre vos recordaremos.

Esperamos unha nova etapa.

Marchamos para o instituto,

Pero preto de todos e todas estaremos.

Recordos da nosa infancia,

Estaremos sempre convosco.

Papirus o noso amigo foi,

Amencer pensando en todos.

Preto das vosas ensinanzas,

Ilusións e esperanzas.

Recordos ao bibliocastelo.

Unidos por Papirus,

Soños e ilusións teremos.

Alumnos de 6ªB

Adeus para sempre adeus.

Téndesvos que lembrar de nós.

Ata sempre compañeiros.

Seguiremos vindo por aquí,

Estaremos sempre convosco.

Mestres queriditos,

Primeiros amoríos,

Recordos da infancia

E neste cole da nosa infancia.

Mirando cara ao futuro

Empezamos nova vida

Unidos pola amizade,

Cando vos necesitamos

Ollaremos cara atrás

Lembraremos cousas boas

E ningunha mala.

Xa sexa cerca ou lonxe de vós,

Intentaremos aprobar

Ou ao ano seguintes mellorar.

Alumnos de 6ªA

Receitas de peixe

Alumnos 4ª

Apuntade, aquí temos algunha das receitas que se fan nas nosas casas e todas, todas levan peixe ou marisco.

Ricas, riquísimas!!

Croquetas de Pescada

Ingredientes:

- Unha cebola moi picada
- Unha pescada
- Fariña
- Aceite de oliva
- Noz moscada
- Pemento moído
- Sal
- 1 dente de allo
- Cascos de cebola
- Pan raiado e ovos para empanar

Elaboración: Mentres se pocha a cebola, cocemos a pescada nunha olla con auga, o dente de allo, os cascos de cebola e a sal para facer un fumet. Cando a pescada estea cocida sepárase do caldo e se deixa enfriar.

Seguidamente a esmizamos, con coido-



do de que non quede ningunha espiña, e inmediatamente vértese sobre a cebola pochada, refógase un ratiño e se lle engade a fariña (unha cantidade prudencial para facer unha bechamel). Cando a fariña estea ben mesturada coa pescada, botámoslle o fumet, a pemento, a noz moscada e un pouquiño de sal. Agora xa só queda remover constantemente a mestura ata que se despegue da tixola. Para rematar deixamos enfriar, dámoslle forma as croquetas, rebózanse co ovo e o pan raiado, frítense e... a boca directamente!

Crebacabezas de tres escritores que visitaron o cole (os nomes dos escritores e a algunha das súas obras)

Alumnado de 6*

A	K	E	X	O	B	E	E	I	A	K	E	T	O	B	E	L	T	L	T	O	A	A	C
N	A	A	A	M	D	G	L	P	D	A	T	E	M	A	G	F	R	A	A	S	D	S	U
C	T	N	B	S	O	T	O	R	M	A	P	S	N	T	E	E	N	R	I	E			
S	X	X	Z	A	N	R	Ú	Ñ	T	E	N	A	A	C	R	R	C	G	Z	M	T	T	N
O	M	O		S		T	L	O	M	G	I	R	M	P	I	N	E	A	K	A	D	D	T
X	U		N	P	Q	N	T	O	A	A	K	D	R	V	S	A	L	V	G	L	E	O	
E	L	F	O	C	U	S	I	I	Z	T	V	K	D	L	O	N	A	L	H	O	U	U	S
S	A	A	N	A	I	A	M	A	N	O	H	C	N	A	D	D	N	I	L	S	L	L	
E	L	R		R	X	R	O	O	A	X	L	I	A	P	I	E	O	N	D	A	A	P	
D	O	I	P	L	O	B		M	R	O	D	P	D	A	O	Z	S	A	E	D	T	N	A
	N	Ñ	O	E	T	A	D	S	E	S	E	O	N	O	R			T	A	C	Q	R	
S	X	A	D	S	E	L	E	A	P	R	R	T	T		P	D	Q	A	S	H	U	A	
O	E	A	E			A		M	S	A	O	I	F	E	S	A	E	U	N	A	E		
D		Ñ		C	E	P	L	X	E	N	B	N	V	X	O	Z		E	I	F	D	R	T
	D	T	D	A			O	E		Ñ	E	E	A	E	T	C	B		K	O	E	I	O
E	O	T	U	N	B	R	S	E	A	A	S	R	N	I	N	H	R	P	V	R	N	D	D
D		B	R	O	R	O		D	D	O	X	A	G	T	E	A	A	U	H	M	E	O	O
A	M	A	M	I	E	P	D	A		O	V	C	U	E	U	D	N	D	L	A	L		
D	A	R	I	S	O		R	Y	A	Q	A	Ú	I	I	C	O	C	O	D	S	I	I	E
I	R	L	R	M	G	S	A	M	I	S	T	E	L	R	B	X	A		E	N	N	N	L
C	B	S	P	E	A	O	G	T	A	P	E	G	E	O	A	E	U	S	N	G	G	I	
	U	Ó	L	E	N	T	O	W	R	M	C	A	I	R	E	N	E	G	R	O	M	A	
A	N	E	A	T	I	N	N	F	P	V	U	D	R	X	O	T	A	R	T	E	Y	I	Ñ
O	U	Y	G	R	E	O	E	U		R	A	P	A	Z	A	S	R		S	D	D	G	O
G	Y	T	R	E	U	C	S	F	A	T	E	L	O	G	H	O	T	P	K	N	A	O	N

A CIDADE DOS DESEXOS
A PRAIA DA ESPERANZA
AIRE NEGRO
ANTÓN POMPÓN
ANXO FARIÑA
CARLES CANO
CONTOS POR PALABRAS
CUENTOS PARA TODO EL AÑO
CUENTOS ROÍDOS
DON QUIXOTE E BREOGÁN

EL ÚLTIMO DE LOS DRAGONES
FERNÁNDEZ PAZ
LA GALLINA QUE PUDO SER (princesa)
LONXE DO MAR
MEGATOXOS
OS MAGAS DAS FORMAS
QUERIDO INIMIGO
RAPAZAS
TRECE ANOS DE BRANCA
XABI NON PODE DURMIR

Adiviñas

Leva anos no mar
e aínda non sabe nadar
Que é?

(aera)


Adiviña quen son eu
o ir parece que veño
e o vir é que me vou
Quen son?

(oxergnac)

No mar é onde vivo
plateado é a miña cor
cruzo veloz como o raio
Adiviña quen son?

(aídras)

Xeroglíficos



Adiviñas

Nunhas castañolas vou pechado
E ao sacarme do mar
Póñome colorado.

(nólixem)

Coa súa risa mariñeiro
Toda a praia alborota
Pescadora e mariñeiro
son...

(otoviag)

Divirtete cos poemas

Mi libro

Mi libro tuvo trece página
llenas de sueños y esperanzas.
Era pequeñito, may bonito
y viejecito, pero lo que más
me gusta de él era
su sonrisa tierna de miel.
Cuando lo cogía una gran
sonrisa tenía, pues era un libro
gracioso, pequeñito y hermoso.
Estaba en un rincón acurrucadito,
bajo un sillón. Era un libro estrechito,
lleno de magia y color pero un día
se hartó y voló bajo el Sol.
No lo volví a ver en ningún
rincón, sólo quedó de él, el dulce
abrozo de miel en su lindo rincón.

Zulema 6ªA

Los libros tan bonitos
con sus versos,
tan risueños.

Son tan orgullosos
como una paloma
cuando no está sola.
Habla que quitarles las hojas
para que perdieran la magia
que tienen cuando lees
y te entretienes.

Uno se encandila pronto de ellos,
¿quién no se encandila cuando te llenan
de alegría
cuando te va mal el día?

Azahara 6ªA

Un libro abierto
es como un paraíso,
lleno de historias y cuentos
y lleno de ilusionismo.
Cargado de bonitas historias
repleto de ilusiones y risas
con poemas y rimas
anécdotas para leer sin prisas.
Dibujos divertidos y bonitos
un libro es algo divino.

Cuando se abre la primera hoja
son como notas bailando.
Cuanto más lees, tiene un encanto.
Los hay de todos los colores,
también de historias de amor,
cuanto más lees, más te emociona.

Andrea 6ªA

2008 ANO OLÍMPICO



PAPIRUS

Como xa tod@s sabedes o 2008 é ano olímpico. As olimpíadas constituíu o maior certame deportivo mundial que se celebra cada catro anos, este ano celebráronse na capital de China, en Pekín. Sede non exenta de polémica pola situación política que está vivindo este país. Pero sen máis preambulos ofrecemosvos algúns datos de interese para os máis olímpicos do colexio:

Sabías que?

As olimpíadas onde primeiro se celebraban foi na Antigüidade na cidade grega de Olimpia en honor a Zeus.

En Olimpia tiñan lugar encontros deportivos tan importantes que se paraban as guerras e se impoñía unha tregua sagrada.

Os xogos na Antigüidade duraban cinco días, celebrábanse no período máis caloroso do ano, do once ao quince e coincidían coa lúa chea.

O atleta profesional chamábase "agonista" Os nenos tiñan tamén reservado un lugar en Olimpia: os xogos Hereos.

As mulleres non podían asistir aos espectáculos, só podía asistir a sacerdotisa de Deméter que tiña un posto reservado no estadio.

As probas que se celebraban na antigüidade eran: carreiras a pé, boxeo (puxilato), a loita (o Pancrácio) e o pentatlón (salto longo, disco, xavalina, carreiras de velocidade e loita).

Os atletas corrían espídos, xa que os gregos presuman moito dos seus corpos e da súa forte musculatura.

Os atletas nas carreiras non se inclinaban nas saídas, senon que saían dereitos coas mans cara diante.

Nas carreiras de relevos portábanse fachos e vencía aquel que chegaba a meta co lume vivo.

Os premios en Olimpia consistían en simples coroas de oliveira silvestre, segundo a tradición as ramas das árbores eran



cutadas cun coitelo de ouro. Ademais dos premios os atletas tamén podían levar multas.

As Olimpíadas por moitos motivos foron decaendo ata que Teodosio no ano 393 d.C. aboliu os xogos oficialmente (Olimpíada 293ª)

Na actualidade as Olimpíadas constituíu unha competición universal de carácter deportivo e naceron a finais do século XIX da man do francés Pierre Coubertin co lema "máis rápido, máis alto e máis forte". As primeiras Olimpíadas modernas celebráronse en Atenas no ano 1896

A bandeira Olímpica ten cinco aros de cores distintas entrelazadas, simbolizan aos cinco continentes.

A chama olímpica é un símbolo traído da Antigüidade, cando ardía un lume sagrado no altar de Zeus durante a competición. O lume é prendido en Olimpia nunha cerimonia presidida por mulleres vestidas á antiga maneira. O relevo da chama olímpica marca o inicio das olimpíadas. O Comité Olímpico Internacional ten como misión organizar e supervisar os xogos olímpicos.

Na actualidade hai moitos deportes olímpicos, pero é o Atletismo o deporte máis vinculado ao olimpismo. Un dos máis emblemáticos é o maratón (42,195km) xa que lembra a fazaña do grego Filípides que percorreu uns corenta quilómetros para dar a noticia de que os gregos vencían aos Persas na batalla de Maratón. O gran salto de España no medalleiro olímpico foi na Olimpíada de Barcelona no 1992 primeira e única sede olímpica do noso país.

Na actualidade Madrid está percorrendo a súa particular carreira de obstáculos para converterse en sede Olímpica no 2016.

E como dato final e para non ser menos o Departamento de Deportes do Concello de Bueu decidiuse a organizar tamén unhas Olimpíadas, pero estas escolares. O noso colexio participará con 3 equipos para cada unha das modalidades fútbol, balonman, atletismo e baloncesto.



COME SAN E FAI DEPORTE